

05 ABRIL DO 2007 - NÚMERO 663

**r d l**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**De sangue  
e de sacrifícios**

Desde tempos inmemoriais, o ser humano encontrou nos sacrificios, nas autolesións e no sangue unha das vías para integrarse na tribo ou para poñerse en contacto coas divindades e aplacar a súa ira ou lograr o perdón das súas ofensas. Os ritos antigos fóreronse adaptando nas relixións modernas sen apenas variacións e perviven en todas elas –do cristianismo ao islam, pasando polo hinduísmo ou o xudaísmo– baixo os arquetipos comúns. É difícil distinguir, de feito, entre as imaxes da ‘axura’ –na que os islamitas lembran o martirio do imán Hussein, un dos netos de Mahoma– e as flaxelacións da semana santa –coa que os cristiáns lembran o martirio do mesías Xesucristo– en distintos lugares do mundo cristián, especialmente nas Filipinas. Na sociedade actual,

# A segunda revolución ritual

esa raíces simbólicas readáptanse de novo á cultura global a través de distintas formas, como certas maneiras de arte e de erotismo. Non en van, os rituais relixiosos enxertan nas canles artísticas e sexuais, probablemente as dúas grandes festividades das sociedades laicas. Despois do significativo salto que supuxo o cambio dos sacrificios humanos polos sacrificios animais, a especie parece prepararse para un salto aínda de maior transcendencia: o deslindamento dos deuses nun momento en que as relixións titoras semellan embotadas nunha absurda carreira de fundamentalismos. Parece claro que, co abano de conflitos que asexan o planeta, a pervivencia desta escalada de competencia podería rebentar a esperanza no futuro da humanidade.




**r d L** | 3  
Galicia Hoxe 05/04/07

Un nazareno da Cofradía  
de Estudiantes de  
Sevilla entra na sede da  
irmadade durante esta  
semana santa

Todas as relixións, desde o cristianismo ao islam, pasando polo hinduísmo ou as manifestacións animistas, encontran no sacrificios e no sufrimento unha vía de alivio ao pecado. O sangue ocupa, nos seus respectivos rituais, o eixe central, sexa de xeito físico –martirizarse até a provocación de hemorrxias– ou nun plano simbólico –a representación. No cerne destes ritos abrollan, sen dúbida ningunha, as raíces dunha tradición que naceu cos primeiros humanos. Na súa última película, o sempre reaccionario Mel Gibson amosa, por exemplo, como os aztecas decapitaban os seus escravos para tratar de gañar indulxencias divinas e atallar a seca coa chegada das chuvias. En filmes anteriores de Hollywood, sobre todo os relativos á Polinesia, foron frecuentes as tramas onde unha tribo salvaxe elixe a máis fermosa virxe para sacrificala e contentar así o virulento deus dun volcán. Investigacións arqueolóxicas demostran que os sacrificios humanos eran unha práctica estendida nas sociedades primitivas, igual que o canibalismo, características que demostran os balbucidos dunha humanidade con pequenos rudimentos culturais.

O salto dos sacrificios humanos aos sacrificios animais foi un dos síntomas significativos da evolución da especie, más trascendente talvez que a invención do lume, aínda que un e outro irían, de seguro, parellos no cambio de rumbo que lle marcou aos humanos. Os sacrificios animais están na base da cultura mediterránea, en Roma, en Grecia, en Baal, en Micenas, e pervive con forza inusitada en relixións como o islam, que encontra na festa do cordeiro un dos seus ritos más impactantes. De xeito indirecto pervive nas nosas tradicións inmediatas, co año que en todas as casas de Galicia se mataba con motivo do día da patroa –ou do patrón– da parroquia. No hinduísmo, o sacrificio de animais é unha práctica habitual e na corrente xudeucristiá, os sacrificios humanos permanecen até a Biblia, onde Abraham admite matar o seu fillo como sinal de sometemento a lavé.

Xunto aos sacrificios, a autolesión é un dos elementos de maior presenza nas tradicións relixiosas da humanidade. A súa vixencia, polas connotacións sociais que posúe, so-





breviven con maior visibilidade e fortaleza. A lesión séguese usando en África, nas culturas tribais, ligadas aos máis diferentes ámbitos. Son significativas as vinculadas á iniciación, sexa masculina ou feminina. Aínda hoxe, miles os rapaces africanos que deben superar dolorosas probas para ser admitidos no círculo dos homes de plenos dereitos e a abrasiva técnica da tatuaxe ou da punción serve para delimitar nas culturas dese continente non só rangos senón tamén dereitos, costume perceptible tamén cuadrillas urbanas asociadas ás maras, por exemplo. A ablación, tan estimada polo Islam, arrinca da más escura das tradicións africanas, do mesmo xeito que a circuncisión nace nun caldo de cultivo onde beben xudeus ou practicantes do islam. Na India, os penes circuncisos foron



utilizados polos radicais hindús como proba de pertenza á caste dos invasores mahometanos, o cal proba, en certo modo, que a circunción –ou o seu correlato da ablación, moito más castrante– non é un costume relacionado coa cultura indoeuropea.

Na autolesión existen varias vertentes: a de proba de resistencia á dor –base do autodomínio–, a proba de obediencia a deus e a proba que logra o perdón divino. Os sacrificios dun mesmo, con longas peregrinaxes en condicións físicas extremas –escalzos, de xeonllos, atados...– ou con instrumentos de punción –como manteñen aínda entre os católicos algúns seguidores do Opus– son sacrificios aos que crentes se someten para facerse perdoar os seus pecados ou as súas fraquezas ante as tentacións da vida. A Semana Santa





Arriba, rito sufí de punción no Líbano. No centro, ritual hinduista de Chadak, cerca de Cólcuta, na India. Abaixo, ritual hinduista en Tailandia.

católica, de feito, é unha impresionante mostra desta práctica, fraguada sobre un leito onde conflúen sedimentos diversos, aglutinados todos arredor da figura de Cristo e do seu calvario. Estes sedimentos amósanse claros nos ciclos pascuais de Filipinas ou en América Latina, do mesmo xeito que en Galicia é observable o pouso pagán nunha Semana Santa na que apenas hai exhibimento da dor agás en ritos introducidos moi tardiamente, como a Confraría do Noso Xesús Flaxelado de Compostela, fundada nos anos cincuenta –en pleno asolamento franquista– a imaxe e semellanza das confrarías castelás ou andaluzas.

As crucifixións e as flaxelacións das Filipinas son estremecedoras pero non menos o é a entrega dos costaleiros carrexando centos de quilos ao carrelo para pasear as imaxes das súas devocións, sexa o Xesús flaxelado, a Dolorosa ou unha recreación da última cea de Cristo. Estremecen os paseos deses homes descalzos con cadeas aos pés baixo a chuvia, ou carrexando pesadas cruces ou dándose trallazos... Impresionan tamén os hinduístas que se atravesan as fazulas con punxentes alfinetes para amosar o seu amor aos deuses ou os que fuman substancias alucinóxenas até caer extenuados ou os que percorren a rastras quilómetros e quilómetros até un santuario. Estremecen as escenas da axura –na que se lembra o martirio do imán Hussein, un dos netos de Mahoma– co sangue abrollando como testemuño de ortodoxia polas súas costas.

Estes costumes sobreviven non só polas arraigadas crenzas ou as alfombras culturais que pisamos. Forman parte dun universo de profundo simbolismo que, a ben seguro, vén da nosa conformación como sociedade e, como tales, é difícil que se perdan aínda que as relixións decaian e desaparezan. De feito, nunca como nos últimos anos –salvo cando o franquismo e a Igrexa católica se fundiron nun monolito cultural– se rexistrou unha afluencia tan masiva ás procesións e, ao mesmo tempo, nunca houbo tan poucas vocacións no seo da Igrexa. As procesións convertéronse nun acontecemento espectacular, asimiláronse á aparataxe, e ocupan o mesmo status desoutras procesións familiares que os sábados enchen as grandes superficies comerciais na busca dunha salvación consumista.

Arriba, procesión de Xesús Flaxelado en Compostela.  
No centro, procesión en Filipinas. Abaixo, un capirote en Sevilla






Igual acontece co complexo ritual, asimilado a certas manifestacións artísticas e sexuais da cultura laica. A autolesión practícase en manifestacións como a performance e as ataxes entran no universo do *bondage* como parte do proceso de excitación. Os flaxelos, o coiro, os capirotes que anulan as personalidades nas procesións trasfegáronse á panoplia do erotismo, nunha demostración clara de apropiamento que as relixións actuais xa realizaron respecto de crenzas anteriores. As igrexas e os seus ritos ocuparon o centro espiritual dos antigos castros celtas e alí chántase agora o espectáculo. O calendario de mártires cristianos deu paso a un almanque que ocupan a biosfera, as especies en extinción, os nenos, os anciáns, a auga, as mulleres,

os homosexuais, a liberdade de expresión, o teatro ou a poesía.

O salto, como aconteceu no caso dos sacrificios animais, é considerable, entre outras razóns porque se regula a intolerancia que marcou o desenvolvemento das relixións ao longo da historia. A emerxencia das tensións fundamentalistas –tanto católicos como sionistas, hinduístas ou islámicos– son o patético extertor dun poder que se rebela con violencia ante a inminencia da súa perda de prestixio e de goberno. Pero os retos do século XXI, se se quere garantir a supervivencia da especie, amosan que as relixións, tal e como as vimos actuar até hoxe mesmo, rebentaríaán a esperanza do futuro.

**A.R.López/M. Dopico**



Arriba, procesión católica en Filipinas. Abaixo, procesión musulmana no axura

**Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum. Na imaxe, flaxelación católica en Filipinas**



12 ABRIL DO 2007 - NÚMERO 664

**r d l**

**REVISTA  
DAS  
LETRAS**



# **IN MEMORIAM**

## **Gabriel Ferrater**

Gabriel Ferrater (1922-1972) é unha figura insólita na poesía catalana do seu tempo, á que lle achegou a transparencia duns versos tecidos coa impronta do cotián. Poeta tardío, lingüista, tradutor ao catalán e ao castelán de Kafka, Chomski ou Gombrowicz, autor dunha obra ensaística poderosa e dunha novela de xénero negro titulada ‘Un corpo, ou dous’, Ferrater recompilou a súa poesía completa no volume ‘As mulleres e os días’ (1968), título que amosa a paixón erótica que sacudiu a súa escrita. Agora que se cumpren 25 anos do seu suicidio, Revista das Letras publica en galego ‘In memoriam’, o seu texto más influente

# In memoriam

## Gabriel Ferrater

Tradución de Manuel Outeiriño

na Literatura do noso país. En 1982, cando se cumple o décimo cabodano de Ferrater, o poeta galego Xoán Manuel Casado (Barcelona, 1949-2002) escribe ‘Crónica persoal’, un longo poema que segue explicitamente ‘In memoriam’ e que permanecería inédito ata despois da súa morte, cando a colección A arte de Trobar do PEN Clube reúne os seus escritos baixo o título, precisamente, de ‘Crónica persoal’. A tradución que hoxe publicamos é de Manuel Outeiriño, que se decidiu a recuperar este traballo –realizado hai xa algúns anos– despois de ler unhas declaracíons de María do Cebreiro en GALICIA HOXE onde amosaba o seu interese pola obra do poeta catalán.

Cando estalou a guerra, tiña eu  
catorce anos e dous meses. No momento  
case nin me afectou. Andábame a cabeza  
completamente chea doutra cousa, que aínda agora  
xulgo máis importante. Descubrín  
*Les Fleurs du Mal*, e iso quería dicir  
a poesía, certamente, mais  
hai outra cousa, que non sei como chamar  
e a que conta. A revolta? Non.  
Chamábaa así daquela. Acochado  
dentro dunha abeleira, no cerne dunha rosa  
de follas murchas e moi verdes, coma  
peles de bicho de seda a mudar, aí, deitado  
na entreperna do mundo, amestábame  
de revolta feliz, méntre-lo país  
daba estoupidos de revolta e contra-  
revolta, non sei se feliz, pero  
ben más revoltado ca min. A vida  
moral? Achégaselle, mais tórnaseme ambiguo.  
Se cadra o mellor termo é o de egoísmo,  
e mellor é lembrar que ós catorce anos  
cómpre mudar de primeira persoa:  
xa o plural nos apreta, e o exercicio  
de estilita singular, o noxo  
de quen agabeou ó alto de si,  
parécenos un bo programa pró futuro.  
Logo veñen os anos, e felizmente  
afástanse tamén, e váisenos cansando  
a man que a fronte teimosa aloumiña  
do año íntimo, e vén o adoptarmos  
este plural, non sei se de modestia,  
que renuncia ó singular, déixase ir  
mais agradáceo e prémiao. Abonda.

Rematadas as vacacións, si,  
vin que ó meu mundo alguén lle partira  
a cara. Sangue e lume.  
Horribles non me parecían, mais eran  
o sangue e mailo lume de sempre. O meu colexio  
de cregos queimárano, e o Guiu  
que era o sarkento que nos facía facer ximnasia  
pre-militar, e odiabámolo todos  
(volvo ó plural primeiro, porque a vida  
recúa sempre), o Guiu fora  
asasinado a tiros, e contáronnos  
que non fora doado, pois levaba  
cota de malla embaixo do disfraz  
de velliña labrega, e no queipo,  
por baixo de ovos, escondía tres granadas.  
Matárono nun canto do eiocriño  
de Hércules, á beira do Instituto,  
que é onde saímos entre unha clase e outra,  
e non recordo que o lugar nos parecese  
sinalado de xeito ningún, nin quixésemos  
atoparmos no toro dun plátano unha bala  
nin outro sinal. Verbo do sangue,  
nin que decir ten que se cadra no día  
levouno o vento. Fixo o po  
quizais un pouco más pesado, nada.  
As paredes queimadas do colexio  
non sei se as lembro ou ben as imaxino.

Non entramos alí. Faciámo-la muda, e non  
tiñamos interese nos farrapos  
da vella pel. Cheirabámo-lo medo  
que era o perfume daquela outonada,  
mais parecíanos bo. Era un medo  
dos grandes. Saímos do medo infantil  
e tiñamo-la sorte de que o mundo se nos facía  
case en todo doado. Tanto más medo  
tiñan eles, más ceibes nos sentiamos.  
Era o proceso de sempre, e comprendiamos  
escuramente que connosco a roda  
aceleraba moito. Eramos felices.

Erámolo todos xuntos, erámolo sempre e moito.  
Fixéronnos sindicar, e o sindicato

deunos praceres vivos e diversos.  
Nun piso requisado, que pra nós  
era un piso ocupado ó inimigo  
(non ó inimigo oficial, ó noso),  
tras de fumes de póker, levabámonos  
libros e mobles, faciámo-lo troco  
de pistolas e balas, saudabamos  
á romana (non por nada, os nosos  
érannos más simpáticos, pero os outros  
tíñanvos más prestixio de malvados),  
queriamos levar ás rapazas ós ancos  
e como non saímos, sen acougo  
andabamos subindo e baixando polo balcón.

Descubrímo-las putas e roubar.

Roubar, acabariamos véndoo. No tocante ós  
prostíbulos  
habían de abrírseños ben logo  
pro gañamos uns meses. O primeiro  
bombardeo pasámolo no refuxio  
de cas Sol, tiñamos todos medo  
de rematar alí. Moi diminuídos,  
os pais estaban no poder, aínda.  
o Isidro colleu unhas purgacións  
o primeiro de todos, e o seu pai  
escolleu ben mal o intre de mercarlle  
a bicicleta que tanto pedía.

Cumpría que un ou outro, cada día  
lla collese prestada, para lle dar unha escusa  
de non usala. As bicicletas  
enchen o meu lembrar do tempo aquel.  
Era o que más roubabamos. Montamos  
todo un taller para repintalas  
recompóndoas: cadro dunha con rodas  
doutra, e tubulares de aínda outra más.

Non sei eu de qué xeito, unha tarde  
escapulirámonos todos de casa a medio xantar  
por chegar ó castelo de Tamarit  
e no intre de saír, eu non tiña  
bicicleta ningunha. Quixen, logo, alugala  
e atopei pechada a tenda  
onde era coñecido. Non o vía xusto  
e non me resignei. Chamaba ás pancadas,  
con puños e pés, e abríuseme a porta.  
Non había ninguén. Collín  
a máquina e deixeilles unha nota.

A excusión foivos angustiosa. Un vento  
sen remisión dobrábanos  
e de volta tivémolo de cara.  
Dereito enriba dos pedais, como a subir  
por unha costa dura aguantábame  
cravado e a tremar, sen avanzar.  
E fómonos perdendo os uns dos outros.  
O Agustín e mais eu descansamos bo tempo  
acochados ó abeiro da cuneta,  
beira dos eidos que estragan por viralos  
un aeródromo militar. De noite  
e medio a pé, rematámo-la andaina.  
Entre as primeiras casas, atopamos  
unha pastelería aberta. A ela!  
Lanzámonos, e eramos nenos, eramos ben más  
nenos do que eramos, e deixámonos caer  
polo chan, e deitados no mosaico fresco  
comimos nuns pans recén saídos do forno, metendo  
a cara toda dentro, loucos de pracer  
de sermos só canseira e fame e peso.  
Podía pasar todo, e non me sorprendeu  
nin o estrépito súpeto, nin os berros e os pasos,  
nin os canos do fusil que me apuntaban  
Verticiais cara a terra e graxumentos,  
nin que me erguera alguén, e que me arrempuxaran  
cara a unha furgoneta, nin o meu pai  
que me esperaba nun local estraño  
e discutía alá con moita xente e mailos pais  
dos meus amigos tamén alí estaban, e o meu  
parecía que de vagar se impuña  
e me levaba á casa. Ó día seguinte  
rematei de entender que colectivizaran  
a empresa. Queimado,  
perseguírano-lo comité  
todo o serán, para cobra-la máquina  
que o antigo amo vira se cadra  
ben alugada, mais eles non. Durante uns días  
os nosos pais volvéronsenos importantes.

Roubabamos tamén outras cousas, tivemos  
ben tempo a andrómena dos eslips.  
Entrabamos en grea nunha tenda,  
mirabamos, remexiamos, non comprabamos  
e enchiámonos camisas e xerseis  
de eslips. Non sei qué faciamos. Non me explico  
tampouco cómo foi que non nos descubriron.  
Creo más que daquela  
iamos todos mareados, e todos  
atónitos, e se cadra tamén perversos,  
e os reflexos da orde deixárnos  
mazados. Tanto lles tiña, ou mesmo os excitaba  
seren roubados. Non sabíamos  
senón que os tendeiros se nos achantaban con ollos  
augacentos, coma a muller vencida  
polo seu violador. Lembro un día,  
volvimos elixir cas Subietes,  
onde adoito entrabamos, e non había vez  
que saíramos de baluto. Atendeunos  
o propio patrón: púxono-las caixas  
no mostrador, abríunolas, e retirándoas

lonxe das nosas mans, contounos  
as pezas en voz alta. Deixámolas  
sen teimar, e el recontounas.  
Cando estabamos fóra, cheo de orgullo, tirei  
o eslip que collera de primeiras,  
antes da conta. E nada: o Albert  
collera outro. Todos durmían  
e crepitáballes todo nas orellas.  
O señor Subietes morreu  
tamén asasinado. Se arrestora o lembro  
vexo roupa negra e branca, e alguén por dentro  
que parecía ben vello. Se cadra non o era.  
Verbo do preto, non creo que fose dó:  
era un mexapías, e ían daquela  
negros os de misa, e tamén algúns  
vello elegante, e algúns republicano  
deses de toda a vida. Foi por católico  
polo que encarceraron o vello Subietes.  
Tivo sorte ruín. Estando preso,  
levantouse un día o grande pánico. Estaban  
en Salou. Os italianos. Xa  
desembarcaran. O comité de Reus  
requisou tres ou catro autocares,  
montaron neles cos presos que tiñan,  
leváronos ás claudias. Foi rápido:  
Non durou máis do que o perigo aquel  
imaxinario. O Ton é un dos choferes  
que, requisados co seu autocar,  
tiveron que asistir. Trastornado  
miraba ós paseados de esguello  
segundo baixaban, e pasábanlle  
a rentes do asento. Coñecíaos  
Case todos. O señor Subietes  
decatouse da repulsa do Ton,  
compadeceuse. Cando xa baixaba,  
deténdose un intre, púxolle  
a man no ombreiro, e díolle: "Xa ves,  
Tonet, como nos temos que ver". Un ríspido  
consolo. Ó presidente do comité  
que ordenou a saca daquel día  
tamén o coñecín. Era o Oliva.

Arestora quero falar do Oliva.  
Facía, antes, de porteiro na Sala Reus,  
que era o cinema ó que iamo-los domingos  
a lixarno-las mans de amor. Non o vexo  
dende aquela. Non me dá imaxe  
senón é vestido de coiro, cunha Luger  
coa culata de madeira clara,  
máis longa cá coxa, facéndolle máis  
de insignia ca de arma. O espírito  
do simbolismo é flor dos tempos de guerra.  
Ritualistas éranos, tanto o Oliva  
coma a súa muller. Requisaron,  
para eles vivir, unha casa de ricos  
onde ela de seguida sentiu  
que non podía ser que unha casa señora  
non tivese os seus cactus. Nas prantas  
graxas, aprendera a muller a ver  
o sobexo dos ricos: unha miúda

sombra de alma, baixo o sol inmenso  
do posuír. Ó tempo posuía  
e ría, e rían todos, e mercaban  
a vida feita cousas, finalmente  
material, limpa dos mocos de esperanzas.  
Foi un momento só, dous ou tres meses.  
As popolane foron rindo  
mais sen se sorprenderen, rindo  
coma sempre. Tornáballe-la espranza  
e mercar, mercábase de achante e facíano  
máis ben os ricos. Demos volta na volta,  
e daquela o camiño do retorno, poco e pouco  
pechábannolo marxes coñecidas.

O Oliva e os do comité, víaos eu  
decote estar á espreita nunha mesa  
dalgún café, ou ían pola rúa  
de présa, para sentar á espreita.  
Houbo unha noite un concerto de orquestra.  
O pai levoume, e tremaba  
eu todo de impaciencia. A música  
*parfoi nous prend comme une mer*, e a min  
que me levaba entón un mar  
dun tempo que ía ser perdido, e víase  
a se perder e desdicir, excitábame  
a idea de entregarme a outro fluxo  
máis persoal ou cando menos xa sen compañeiros  
-co pai, mesmo. Escoitei  
Beethoven e Ravel, e xa non sei  
onde me derivaron, se foi que me levaron.  
Rematado o concerto, tocaron os himnos:  
Himno de Riego, Internacional,  
Els Segadors e a Warszawianka  
que facía de Himno da FAI. A xente  
aplaudiu máis els Segadors. O Oliva  
non estaba dacordo, debruzouse  
dende ou proscenio, berrando. Pra facérno-los xordos  
aplaudimos aínda máis. Miraba  
as caras rindo, e berraba  
mudo, coma unha lapa, riamos e aplaudiamos máis,  
a caer na mesma auga. Compañeiros,  
como logo había amoitos co meu pai,  
non queriamos voltar pra casa aínda  
e sentamos a tomar café xuntos.  
Falamos de política e paréceme  
que entón me parecía que non cumplía ningunha  
revolta (e non quero dicir na orde política)  
e que cos grandes pódese ir en grea.  
De noite, nun café, pode un ter pai.  
Entrou o Oliva, e agora sei notar  
que lle sobraban tres ou catro copas.  
Estabamos na porta, logo viunos  
de seguida. Agarrando a grande culata  
que o debía axudar a se manter derecho,  
dixo, mirando ó pai: “Foi vostede  
o responsable”. (Todo estaba cheo  
de responsables, ó tempo. Érano todos  
dalgunha cousa, e non sabían  
moi ben de qué, fronte a calquera cousa  
miraban se non había alguén que for

máis responsable). O pai sóuboo distraer con catro frases, e o Oliva deixou pasa-lo asunto. Cando, despois o meu pai explicába, aquel diálogo facíase más longo. Non entendía eu que quixese dispersa-la concisa virtude. Agora vexo claro o que acontecía: cumpría dispersar unha néboa que a voz case non traicionara, mais nos ollos translucía. Fascinábame, e non lle dei o nome que era o seu sempre que me pasaba polos ollos. Lisquei, tres días despois, cando topei cara a cara co Oliva no corredor de cas Sol. Os rapaces que andabamos polos prostíbulos, non dabamos enxergado que estabamos no reino noso por lei dereita, e que os furtivos hóspedes eran eles, aínda que fosen pistoleiros.

Veu un tempo de moitos camiños, e alguén andaba a descartar unha baralla que eramos lugares e persoas. Ó Oliva, seis ou sete anos despois, cando se nos fixera inesperado, coñeceuno a miña nai. Un serán de Burdeus, soa na casa, abriulle.

El subira pola nosa escaleira porque sabía que vivía xente do seu lugar. Quería algún auxilio. Dixo que traballaba nunha nave dos alemáns, coido que en Royan. Un bombardeo destruíra a fábrica e o campamento anexo. O Oliva, por azar, estaba fóra,, e mais perdérao todo, a roupa e os cartos, todo o seu, agás a vida que se lle fixo estraña, e non era xa responsable: os alemáns encargáranse do seu novo destino. Se cadra a miña nai é a derradeira muller que falou co Oliva e sabía algunha cousa del. Deulle unhas pezas de roupa, que el, quizais, non chegou a levar. Dous días despois, outro bombardeo inglés colleuno.

Como non son un oranés de Saint-Germain, o medo non me parece que sexa gran tema pra literar ou pra filosofar. Iso si, medo tiveron moitos homes, e deles cómpre falarmos. Convén dicir que o Oliva tivo medo, e puxo medo a ben xente, no meu pai e mais eu non moi forte, ó Ton xa lle foi más, e a outros tan forte coma o seu, ou más aínda.

19 ABRIL DO 2007 - NÚMERO 665

**r d l**

**REVISTA  
DAS  
LETRAS**



# **CODEX** **Ann-Sofi Sidén**

Ann-Sofi Sidén deuse a coñecer en Galicia no ano 2005 coa videoinstalación *Tres millas por hora (do cabalo ao foguete)*, que o Centro de Arte Contemporánea (CGAC) adquiriu o centro en ARCO. Con esa obra, e a exposición que se lle dedicou no CGAC, Sidén (Estocolmo, 1962) deixaba claro que se movía polos terreos da épica radical performática: a videoinstalación recollía o seu periplo de 25 días montada nun cabalo de raza Appaloousa –durante 440 quilómetros– pola América profunda. O resultado físico e conceptual non era, porén, tan impactante como a serie titulada *Codex* que agora presenta no Marco de Vigo dentro da colectiva *Documentos*.

# Codex

## Ann-Sofi Sidén

*Codex* –realizada entre 1999 e o 2003– é unha especie de álbum dos horrores que reflicte a violencia exercida contra a muller durante séculos. Xunto coas fotografías, Sidén inclúe as explicacións dos casos representados, todos eles reais e ocorridos na súa Suecia natal. Mulleres enterradas vivas, mulleres cangadas polo peso de dúas enormes pedras por cometer adulterio, mulleres mergulladas na auga para saber se son ou non bruxas, mulleres que debían golpearse a boca... O conxunto é tan estremecedor como intenso o resultado plástico que Sidén consegue. Revista das Letras reproduce neste monográfico o conxunto dos suplicios, algúns deles non incluídos no catálogo da exposición coproducida polo Marco e o Koldo Mitxelena Kulturunea de Euscadi.



**r d L** | 3  
**Galicia Hoxe** 19/04/07

### AS PEDRAS DA CIDADE


As pedras da cidade eran utilizadas para castigar as mulleres que cometían adulterio. A muller declarada culpable tiña que pasearse coas pedras colgadas en torno ao seu colo por toda a cidade ata chegar ás portas, onde era desterrada para sempre.

\*As pedras e a cadea pesaban 26 quilos



### PENITENCIA DOS BEIZOS

Castigo aplicado ás persoas xulgadas culpables de afirmacións falsas, expresións indecentes, insultos ou murmuracións. A persoa condenada debía golpearse repetidamente na boca e dicir que mentira ao mesmo tempo que abandonaba a sala do tribunal camiñando cara a atrás.





#### O FIADEIRO

O Fiadeiro era unha institución correccional para mulleres "fortes", rapaces e mendigos enfermos, condenados por adulterio, fornicación, liortas ou embriaguez. Os internos debían traballar na


preparación de fiado para fibras para roupa. O castigo medíase en "carga de traballo": unha certa cantidade de fibras fiadas en relación á duración da sentenza. Se non a acadaban, debían continuar no Fiadeiro ata completar a condena.



**XUÍZO DA AUGA**  
O xuízo da auga utilizábase para achegar probas contra as mulleres acusadas de bruxaría e feitizaría, pero tamén nas acusacións de asasinato e piromanía. O "xuízo da auga fría" empregábase a miúdo e consistía en atar as mans da acusada detrás dos xeonlllos e a continuación mergullala en auga. As que flotaban eran culpables e as que afundían non eran culpables.

## A CULLER DE SEPARACIÓN Violín dobre (“weiber geige”)

A culler de separación era un instrumento utilizado para castigar as mulleres de vida licenciosa ou que se viron envoltas en liortas e disputas. O castigo era aplicado polo señor da casa ou polo tribunal, acompañado por multas ou sen elas no caso de que a persoa culpable non as puidese pagar.



## O VIOLÍN ESPAÑOL

O violín de muller

Instrumento de castigo utilizado en gornicíons e rexementos, aplicado tamén a mulleres, nenos e criados.

Aplicado aos que causaron un grande balbordo baixo a influencia do alcohol, aos que foron infieis, aos que se comportaron de maneira indecente ou aos que dalgunha maneira desobedeceron as ordes. O violín español colocábase no colo do culpable durante unha ou dúas horas e tiña que levalo posto para a mofa de todos, ás veces acompañado de música.





**r d L** | 7

Galicia Hoxe 19/04/07

#### VIVO NA TERRA

Consistía en ser soterrado vivo. As mulleres eran condenadas ao "vivo na terra" "por cousas polas que se aforcaba un home", coma o roubo reiterado, asasinato e piromanía. Os homes

recibían este castigo cando mantiñan relacíons sexuais con animais.



#### CASTIGO DA VERGOÑA

O castigo aplicado ao furto consistía xeralmente en expor publicamente o criminal facendo que transportase o obxecto roubado ou doutra maneira que lle fixese público o seu delito ás persoas que pasasen por diante dos xulgados.

**Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Fotografía: Roberto Ribao e MM**



**rdl**

# REVISTA DAS LETRAS

26 ABRIL DO 2007 - NÚMERO 666



# 'CANTEIRAS, as cicatrizes do país

Canteiras e minas saltaron nos últimos meses ás primeiras páxinas da actualidade non só polos seus abondosos atentados contra o patrimonio, senón tamén polas irregularidades legais que rodean algunhas explotacións. Ecoloxistas e activistas culturais téñenlas no punto de mira, a algunhas porque operan en plenas reservas naturais e a outras porque ameazan con invadir áreas de especial valor. A louseira do Courel, a canteira do Xistral, a que se prevé para os penedos de Traba, Paradela e Braño – que abrangue os concellos de Laxe e Vimianzo– a do

# Canteiras: desastre a ceo aberto

río Castelo en Samos –na privilexiada área do Courel-Ancares– ou a de Riomao –no Concello da Veiga– son só algúns dos casos más rechamantes. Esta mesma semana, 38 asociacións ecoloxistas asinaron unha declaración na que lle solitan ás administracións unha moratoria de explotacións ao descuberto en toda a cornixa cantábrica. No grupo, figuran Adega e SOS Courel, unha asociación que, desde hai anos, trata de poñerlle freo á louseira de Folgoso. Revista das Letras analiza neste monográfico a situación dun sector que, segundo os ecoloxistas, está plagado de irregularidades “vergoñentas”.



Imaxe das marxes do río  
Castelo, en Samos, arrasadas  
pola empresa Pizarras Oribiúo,  
segundo denunciaron os  
ecoloxistas

Minas e canteiras convertéronse nos últimos anos nun novo cabalo de batalla de ecoloxistas e activistas culturais, que nelas ven non só unha cicatriz aberta nas paisaxes, senón tamén un modelo de produción incompatible coa sustentabilidade. Casos como o dos penedos de Traba, en Vimianzo, ou a serra do Xistral, ameazados ambos por senllas canteiras, lograron a mobilización veciñal como síntoma de que, ademais dos ecoloxistas, o cidadán ve nestas explotacións unha potencial ameaza.

Unha das zonas con maior perigo na península é a cornisa cantábrica. Por esa razón, esta mesma semana, 38 entidades ecoloxistas de Galicia, Asturias, Cantabria e Castela e León subscribiron unha declaración na que lle solicitan ás administracións a adopción dunha moratoria de explotacións ó descuberto na área e un compromiso de desenvolvemento sostible alternativo para as comarcas que soportan este tipo de industrias.

As organizacións Filón Verde e a Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica promoveron esta declaración conxunta, que trata de preservar desde as serras orientais de Galicia a Montaña Burgalesa, un valioso patrimonio natural en vías de destrucción. O documento denuncia o "irreparable dano" que este tipo de explotacións causa non só na paisaxe e nos valores naturais da Cordilleira, senón tamén a súa repercusión a escala local e global sobre a contaminación atmosférica, os recursos hídricos, o quecemento do clima e, en definitiva, sobre a saúde humana. Sinala, neste sentido, que a explotación e consumo de combustibles fósiles, como o carbón "é unha das causas identificadas que contribúen á aceleración do proceso de cambio climático".

Porén, o documento non só fai referencia ás minas ó descuberto de carbón –sobre as que se sinala o seu especial efecto en Laciana e O Bierzo), o Suroccidente de Asturias e a Montaña de Palencia–, senón que engade a louseira da Cabrera e do Courel, ou as canteiras e graveiras– Os ecoloxistas apostan por modelos de desenvolvemento alternativo para esas comarcas, baseados en proxectos sustentables e

respectuosos que afiancen escenarios socioeconómicos de futuro, non ligados ó aproveitamento "desmedido" destes recursos, non renovables, "que ademais supoñen unha alteración irreparable dos valores naturais", indican. No documento non se elude a situación de "ilegalidade" en que se atopan moitas destas explotacións e esíxese igualmente ás administracións que investiguen o destino "real" do montante das subvencións que moitas destas industrias recibiron.

Entre os colectivos asinantes están Adega e SOS Courel, este último entregado, desde hai anos, a tratar de paliar os desastrosos efectos da louseira de Folgoso, que está a transformar radicalmente a paisaxe da comarca montañosa do Courel, unha zona que, precisamente, vai ser declarada parque natural en breve. O vicepresidente de S.O.S Courel, Orlando Álvarez, explicaba a semana pasada nunha entrevista con Paula Regueira Leal que nesa canteira –con traballo para cen persoas–, se extrae lousa azul "a pesar de que non ten licenza desde 2002". E, como en case todas canteiras, na de Folgoso faise a extracción "preto dos ríos, porque a lousa que buscan está máis próxima" ás canles, co consecuente risco de contaminación. De feito, en moitas ocasións, os vertedoiros son maiores que as propias canteiras.

Para Orlando Álvarez, o maior temor é que "a Xunta queira legalizar" esta explotación xa que, asegurou, "hai moitos traballadores" que perderían os seus empregos. Pero existe o risco de que a Unión Europea abra un expediente sancionador e anunciou que, se é necesario, esta ONG dará a batalla en Bruxelas e enviarán "documentos" nos que se fai constar os impactos e incumplimentos".

Álvarez defendeu que se se precintasen esas canteiras e a zona do río Lor formase parte do Parque Natural "gañaríanse moitos más postos de traballo que os que xera o xacemento". Porén, "seguimos fornecendo lousa coma se isto fose África" con absoluta dependencia económica dunha monoactividad que "non se crea ningún emprego" fóra do sector. Ao seu xuízo, as pizarreiras están "intimamente relacionadas co clúster (grupo de empresas do mesmo sector) da construcción e a



**Os colectivos ecoloxistas galegos Adega e SOS Courel forman parte das 38 entidades ecoloxistas que subscribiron unha declaración na que lle solicitan ás administracións a adopción dunha moratoria de explotacións ó descuberto no ámbito da Cordilleira Cantábrica e un compromiso de desenvolvemento sostible alternativo para as comarcas que soportan este tipo de explotacións. As organizacións Filón Verde e a Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica promoveron a declaración conxunta, que abrangue das serras orientais de Galicia á Montaña Burgalesa.**



**As explotacións de canteiras ó descuberto supoñen verdadeiras cicatrizes na terra galega, segundo a Asociación para a Defensa Ecolólica de Galicia (Adega) que considera "unha vergoña" o "descontrol" que –denuncia esta ONG de defensa ambiental– hai no sector. O secretario xeral de Adega, Fins Eirexas, asegura que "non é só que algunas das canteiras sexan ilegais", senón que moitas "traballan con permisos de prospección ou de investigación" e non de actividade extractiva e, deste xeito, "aproveitan o descontrol que a Administración anterior (PPdeG) fomentou".**

Xunta non quere ir contra eles tampouco".

Neste sentido, o secretario xeral de Adega, Fins Eirexas, sinalaba na mesma entrevista que nesta situación "se mesturan todo tipo de intereses, na más rancia liña do clientelismo" e denunciou que "algúns empresarios-políticos, porque xa non se sabe onde empeza unha cousa e termina a outra, se están lucrando á conta do noso patrimonio natural e cultural". Eirexas considera que o problema non é só "que algunas das canteiras sexan ilegais", senón que moitas "traballan con permisos de prospección ou de investigación" e non de actividade extractiva e, deste xeito, "aproveitan o descontrol absoluto que a Administración anterior (PPdeG) fomentou".

O novo anteproxecto de lei de ordenación da minería de Galicia da Consellería de Industria, que busca ordenar o sector, contempla sancións de ata un millón de euros para as infraccións "moi graves" como "a exploración, investigación e explotación de recursos mineiros" sen a obtención de "a correspondente, autorización, permiso ou concesión". Ademais cando a consecuencia da infracción se obteña un rédito económico cuantificable, a multa poderá alcanzar ata o cuádruplo do beneficio, co límite –precisa o borrador– no caso das infraccións leves e graves, da máxima sanción correspondente ó grao inmediatamente superior. Porén, Eirexas cualifica a política en materia extractiva como a de "ti vai facendo" e apuntou que "aínda que moitas das canteiras teñen licenza, non dispoñen de permiso de actividade propiamente, pero seguen sacando material".

Outro lugar de Galicia con problemas similares é a zona lucense da Terra Chá, cun bo número de canteiras ó descuberto e en particular, na zona do Xistral, onde hai unha "que está paralizada tras a intervención do Xulgado de Mondoñedo, pero que segue movendo material", segundo o secretario xeral de Adega, Daniel López. A empresa argumenta "que o material é seu e que pode retiralo cando queira" pero "nós entendemos que se está paralizada non se pode dar nela ningunha actividade", engadiu López. Ademais, a explotación foi

imputada, tras unha denuncia de Adega, "por un suposto delito ambiental", porque "estaba actuando nun lugar da Rede Natura e non tiña nin autorización de urbanismo nin licenza municipal".

López detallou que lle comunicou ó director xeral de Industria e ó delegado de Medio Ambiente de Lugo que a vixente avaliación ambiental das canteiras do lugar é "incompleta", "non ten en conta os impactos, nin que A Terra Chá é unha zona inundable" nin a "gran vitalidade agraria" do lugar. Explicou que as canteiras afectan a máis de 6.000 hectáreas desta comarca, polo que lle solicitan á Administración "que se revise a avaliación ambiental exhaustivamente". Eirexas avanzou que a Rede Montañas –impulsada desde diversas entidades conservacionistas e ecoloxistas españolas– celebrarán do 12 e 13 de maio un acto conxunto en distintas zonas da Cordilleira Cantábrica para esixir "unha moratoria ós permisos para as canteiras ó descuberto". O obxectivo "é que a Administración racionalice o sector, que vexa cales son as explotacións que contan con licenzas de investigación ou prospección" e realizan o labor adecuadamente e que, ademais decrete, "zonas de exclusión como os espazos protexidos".

Un caso especialmente crítico foi o rexistrado o pasado ano en Samos. Foron tres quilómetros da ribeira do río Castelo que quedaron arrasados pola actividade da empresa Pizarras del Oribio. A explotación, sen licenza municipal e sen a autorización da Confederación Hidrográfica ocupou a cabeceira do río. O colectivo ecoloxista Adega, que xa presentou unha denuncia ante o Seprona sobre as actividades ilícitas que está a desenvolver esta industria, critica o desleixo e "permisividade das distintas administracións" con estas explotacións polo que decidiu enviarles un escrito ás consellerías de Industria e a Medio Ambiente para que "se investiguen as causas das irregularidades e se aplique a lei".

Un mazo, cinco muíños, oito presas e varias pontellas e camiños son algunas das vítimas de Pizarras del Oribio, "explotacións herdeira dunha canteira creada no 1988" que xa daquela "ocupou a canle do nacemento do río" sen



A empresa Pizarras del Oribio, sen licenza municipal, provocou o ano pasado as iras dos ecoloxistas polas súas "actividades ilícitas. As protestas chegaron o ano pasado a unha situación límite cando saíu a luz que a louseira arrasara tres quilómetros da ribeira do río Castelo, no Concello de Samos, nunha área de especial protección natural que abrangue do Courel aos Ancares. A canteira non só destruíu patrimonio histórico e etnográfico das ribeiras do río, senón que afectou tamén á vida das augas, reducidas "á nada" segundo os ecoloxistas.



O Courel lanza un SOS desesperado a través dunha plataforma creada polos veciños que intenta denunciar o ostracismo que os levará cara á desaparición. Nun momento decisivo, cando se estuda a creación dun Parque Natural no territorio de maior biodiversidade de Galicia, que está no Rede Natura, os habitantes esixen voz e voto no trascendental proceso decisivo que pode reactivar a zona e impulsan un plan de desenvolvemento rural urgente para todo o Concello. A alternativa da economía sustentable é a proposta da asociación.



autorización da Confederación Hidrográfica nem licenza municipal. Non só o patrimonio histórico e etnográfico sufriu os efectos das canteiras, xa que a vida no río quedou reducida á nada.

Situada integralmente dentro do LIC Añcares-Courel, a explotación conta coa declaración de impacto ambiental favorábel dende 1996 e a concesión de Industria no 1997, pero carece de licenza municipal, da autorización urbanística da Xunta de Galicia e da autorización da Confederación Hidrográfica Nacional para a ocupación da canle do río. Para o colectivo ecoloxista galego resulta paradoxal que "a un veciño se lle poñan limitacións de uso" cando hai unha empresa que "destrúe os hábitats" e que continúa coa súa actividade "sen licenzas". Fronte a esta situación, Adega solicita no escrito remitido ás consellerías que "se investiguen as causas das irregularidades e que se aplique e se faga cumplir a mesma lei". E mentres se leva a cabo o estudio, o colectivo pide unha "paralización da actividade para que non poidan continuar traballando ilegalmente". Ademais esixen "unha restitución dos danos cumprindo así coa directiva europea 2004/35", manifestan dende Adega. Esta situación é "un exemplo máis da permisividade das distintas administracións con estas explotacións", ás que como moito "acaban sancionando con multas ridículas" critica o colectivo, xa que cren que promoven a ilegalidade á que estaban afeitos algúns empresarios da pedra e da lousa. Estes, alén de contar coas preceptivas autorizacións, nin sequera, cumpren coas condicións

impostas pola normativa vixente ou a declaración de impacto ambiental.

Os penedos de Traba, en Vimianzo, forman sen dúbida o caso máis emocional da loita contra as cicatrizes da paisaxe. Despois de campañas de protesta, que tiveron no escritor Manuel Rivas un dos seus bardos más eficaces, a Xunta aínda non emitiu o seu informe sobre a iniciativa aprobada polo Parlamento de declarar os Penedos de Traba e Pasarela Monumento Natural, un fascinante conxunto granítico. Distintos partidos e asociacións preguntaron en varias ocasións polo estado de evolución do expediente, sen que a Xunta avanzase a data na que se fará realidade legal o acordo parlamentario.

Aínda que varios veciños de Pasarela e portavoces municipais expresaron o seu desexo de facer compatibles canteira e protección ambiental, un estudo recente da Universidade de Santiago deixaría á marxe esa posibilidade. O concelleiro do BNG e membro da Asociación Adiante Soneira, Manuel Antelo Pazos, subliñou o valor destes penedos que "contan cun granito especial" que dá lugar a "formas moi significativas" e que ademais contan "cunha topónimia particular, lendas..." e que están situados nun lugar estratégico de gran valor ecolóxico, como balcóns ó Atlántico e preto de Cabo Vilán. Entre as alegacións que teñen previsto levar a cabo dende o BNG, xunto a outros colectivos como as asociacións Adiante Soneira e a dos veciños de Pasarela, están: "Pór de manifesto un acordo unánime de protección, co que se delimita o contorno e así falar das

actividades que se permiten no lugar", denunciar que a empresa Extracción y Transformación del Granito S. L., localizada en Lalín "e relacionada con Cuiña" segundo Antelo, toma os dereitos cedidos de explotación dunha pedreira anterior ilegalizada en 1999. Entre outras das queixas, está a denuncia do incumprimento do regulamento destas actividades ó situar a mina só a "750 metros do penedo, cando o establecido está en 2.000 metros" afirma o concelleiro nacionalista. Tamén teñen previsto pedirlle "a Industria a revisión das solicitudes de canteiras neses lugares" manifesta Antelo.

A estas alegacións hai que sumarles segundo o membro de Adiante Soneira as declaracóns que fixera Vidal Romaní, director do Instituto Xeolóxico de Galicia, nas que cualificaba a canteira de "ruinosa, porque só se instalaría durante moi poucos anos e daría un granito moi fráxil" explica o concelleiro. Con estas alegacións pretenden fazer fronte "ós intereses" que parece ter o alcalde de Vimianzo na construcción da pedreira, afirma Antelo, quen desconfía dun informe que a modo de "declaración de intencións" augura que "a mina vai dar moitos postos de traballo" cando só "hai cinco asegurados".

O conflito vén de atrás, dende 1997 as intencións de instalar unha canteira no lugar vénense repetindo infrutuosamente sempre baixo a "oposición de diversos colectivos" dende os ciudadáns á campaña que fixo o escritor, Manuel Rivas. Sancións pola realización de actuacións urbanísticas en solo forestal e outras ilegalidades levaron a paralizar en dúas ocasións os proxectos de dúas pedreiras en Vimianzo. Mientras o Parlamento avogou por comezar os trámites para

nomear os penedos monumentos natural, o alcalde do PSdG, Alejandro Rodríguez Lema, está a "recoller firmas a favor da canteira" e contra esta nova denominación que axudará a preservar o contorno, explica Antelo.

O máis recente caso é o da canteira de Riomao, no concello ourensán da Veiga. O alcalde da localidade, Edesio Yáñez, anunciou que primeiro que a decisión da apertura a tomaría toda a corporación pero, posteriormente, decidiu que debía facelo unha comisión na que non estivese representada a oposición. ¿A razón? Moi sinxela: o proxecto atopouse cun forte rexeitamento do PSOE, de grupos ecoloxistas e dos antigos veciños da aldea, agora abandonada. Estes mesmos colectivos preparan a presentación de recursos a todos os niveis para tratar de frear a apertura da explotación. O alcalde recoñece que "case todos" os veciños están en contra da canteira pero el xa tomou a súa propia decisión. A noticia caeu como un xerro de auga fría na asociación cultural Santo Tomei, que agrupa a máis de setenta antigos veciños de Riomao –baleiro desde o ano 2003– e que foi creada o ano pasado. Este colectivo nace co obxectivo de restaurar todos os inmobilés do pobo para convertelos nunha aldea turística rural. O proxecto, para o cal manteñen negociacións coa Xunta, veríase gravemente afectado polo da canteira de cuarcita. Ao parecer, ademais, o acordo no que se basea o alcalde para darlle a licenza carece de valor, segundo denuncia o presidente de Santo Tomei, Camilo Fernández. Nos próximos meses, saberemos se esta nova batalla está gañada e se a paisaxe non necesita, de novo, puntos de sutura.

M. Dopico/A.R. López/Cristina Domínguez/Paula Regueira



Na páxina anetrior, louseira de Folgoso, no Courel. Nesta páxina, os penedos de Traba, ameazadas por unha canteira

**Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Manuel Rivas na marcha en defensa dos Penedos de Traba e Paradela, o ano pasado.**

